

CAMPAMENTOS A LANZADA

PREGUNTAS FRECUENTES

1. En que consiste o campamento?

É un campamento de verán que se realiza entre os meses de xuño e setembro, en quendas de sete días, nas instalacións do Centro de Vacacións A Lanzada, propiedade da Deputación de Pontevedra, situado na estrada de San Vicente do Mar, A Lanzada, s/n, O Grove.

O seu programa lúdico-educativo inclúe o desenvolvemento de actividades ao aire libre relacionadas coa natureza, coa lingua inglesa, coa arte, coa cultura, co deporte, cos xogos, coa ciencia, coa lingua de signos, coa igualdade de xénero e co respecto polo medio, co fin de colaborar na formación da nosa mocidade.

As nenas e nenos participantes disporán dos seguintes servizos en cada quenda:

a) Un programa de actividades socioculturais, recreativas, formativas, ambientais, científicas e de convivencia que posibiliten a participación de todas as rapazas e rapaces. Algunha destas actividades impartirase en lingua inglesa.

As actividades prestaráas un equipo técnico especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre, náuticas, científicas e en lingua inglesa. Así mesmo, no caso de menores con necesidades especiais por razón da súa discapacidade, disporase do persoal de apoio necesario adaptado ás súas singularidades.

b) Aloxamento en tendas de campaña.

c) Manutención en réxime de pensión completa.

d) Saídas educativas e de lecer.

e) Todo o material necesario para realizar as actividades.

f) Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.

2. En que datas se realizarán as quendas?

Os campamentos terán lugar entre o 21 de xuño e o 5 de setembro de 2026. Realizaranse once quendas, de sete días de duración cada unha (a entrada será o domingo

pola tarde, e a saída, o sábado pola mañá), nas seguintes datas:

- **Primeira quenda: do 21 ao 27 de xuño.**
- **Segunda quenda: do 28 de xuño ao 4 de xullo.**
- **Terceira quenda: do 5 ao 11 de xullo.**
- **Cuarta quenda: do 12 ao 18 de xullo.**
- **Quinta quenda: do 19 ao 25 de xullo.**
- **Sexta quenda: do 26 de xullo ao 1 de agosto.**
- **Sétima quenda: do 2 ao 8 de agosto.**
- **Oitava quenda: do 9 ao 15 de agosto.**
- **Novena quenda: do 16 ao 22 de agosto.**
- **Décima quenda: do 23 ao 29 de agosto.**
- **Décimo primeira quenda: do 30 de agosto ao 5 de setembro.**

A realización da última quenda estará condicionada á data de comezo do curso escolar 2026-2027, que será a que publique a Xunta de Galicia. No caso de que coincida cos últimos días da derradeira quenda, poderase reducir a súa duración.

3. Quen pode participar nos campamentos?

As nenas e nenos que cumpran os seguintes requisitos:

- Nacer entre 2013 e 2018 (ambos os dous incluídos).
- Estar empadroadas ou empadroados nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra.
- Non padecer ningunha enfermidade infecto-contaxiosa en fase activa.

Poderán participar menores en situación de tutela e garda por parte da Administración e aqueles que se atopen tanto en réxime de acollemento residencial coma en atención de día nalgún centro da provincia de Pontevedra.



Deputación
Pontevedra

PREGUNTAS FRECUENTES

4. Como se distribúen as prazas?

O número total de prazas ofertadas é de 1.540, distribuídas do seguinte xeito:

- **1.330 prazas** adxudicaránse polo procedemento xeral.
- **210 prazas**, polo procedemento específico; é dicir, reservaranse para menores en situación ou en risco de exclusión social, e repartiranse da seguinte maneira:
 - 175 prazas para menores en situación ou en risco de exclusión social dos concellos da provincia de Pontevedra.
 - 25 prazas para menores do Centro Príncipe Felipe.
 - 10 prazas para menores en situación de tutela ou garda administrativa doutros centros da provincia de Pontevedra.

5. Cal é o prezo do campamento?

O prezo da praza ordinaria é de 110 euros, mentres que o da praza de menores de familia numerosa ou monoparental, de 80 euros.

Co fin de asegurar a igualdade de oportunidades, a institución provincial asumirá o 100 % do prezo das prazas do procedemento específico reservadas a inclusión social.

Estes prezos inclúen todos os servizos do campamento.

6. Que prazo hai para presentar a solicitude de participación?

O prazo de presentación das solicitudes será do 2 ao 20 de marzo de 2026.

7. Onde se pode presentar a solicitude de participación?

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación (<https://sede.depo.gal>), na modalidade “en liña”.

Para presentar as solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Opcionalmente, as solicitudes poderán presentarse presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, como poden ser as oficinas de asistencia en materia de rexistro da Deputación de Pontevedra (rexistro xeral, o da sede de Vigo ou o do ORAL), dos concellos, da Xunta de Galicia etc.

A relación das oficinas de rexistro da Deputación de

Pontevedra, así como o enderezo e os horarios destas, poden consultarse en <https://www.depo.gal/es/oficinas-de-rexistro>.

Para a presentación da solicitude de forma presencial haberá que cubrir o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), na modalidade “presencial”, xerar a solicitude en formato PDF, imprimila e asinala para presentala de forma física.

8. Que podo facer en caso de irmás ou irmáns?

Hai dúas opcións:

- a. Se queren ir en quendas diferentes, deberá presentarse unha solicitude para cada un deles; deste xeito, entrarán por separado no sorteo para adxudicar a praza e para crear as listas de agarda. En todo caso, non se poderá garantir que, de conseguir praza, saian en quendas diferentes.
- b. Se desexan ir na mesma quenda, deberá presentarse unha única solicitude cos datos de cada irmá ou irmán.

9. Que hai que ter en conta á hora de cubrir a solicitude?

- Só se poderá cubrir unha solicitude por cada nena ou neno.
- As quendas elixiranse por orde de preferencia. Poderán marcarse todas e necesariamente, como mínimo, unha. A nena ou o neno participará no sorteo unicamente nas quendas marcadas e non entrará no sorteo das non seleccionadas.
- Os datos da persoa solicitante deberán ser os da nai, pai ou persoa titora da ou do menor que opta a participar no campamento.
- As solicitudes deberán estar asinadas pola nai, pai ou persoa titora da ou do menor solicitante.


10. Que documentos hai que presentar xunto coa solicitude de praza?

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas menores solicitantes.
- NIF da nai, pai, titora ou titor das persoas menores solicitantes.
- Certificado de residencia das persoas menores solicitantes.

Ademais, no seu caso, os seguintes:

- Título de familia numerosa emitido pola Xunta de Galicia.
- Certificado de discapacidade.
- Consulta de datos de residencia legal, no caso de persoas estranxeiras.



PREGUNTAS FRECUENTES

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Se as ou os menores solicitantes non dispuxesen de DNI ou NIE, deberase achegar o libro de familia.

No caso de solicitudes do procedemento específico, é dicir, de prazas reservadas a menores en risco de exclusión social, ademais, deberán achegarse os documentos que se relacionan a continuación:

- Prazas reservadas a menores en situación ou en risco de exclusión social dos concellos da provincia de Pontevedra (PE 1):
 - Valoración social.
 - Relación nominal por orde de puntuación das persoas solicitantes desta modalidade.
- Prazas reservadas asignadas a menores en situación de tutela e garda administrativa doutros centros da provincia (PE 2):
 - Certificado expedido pola Dirección do centro que acredite que están en situación de internamento.
- Prazas reservadas asignadas a menores do Centro Príncipe Felipe (PE 3):
 - Certificado expedido pola Dirección do centro que acredite que están en situación de internamento.

11. Como acredito que somos familia numerosa?

Para que se lles aplique este desconto, as persoas solicitantes deberán indicar no cadro correspondente do formulario de solicitude que son familia numerosa.

O título de familia numerosa será obxecto de consulta a través da plataforma de intermediación de datos. No caso de que a persoa solicitante non autorizase a devandita consulta, deberá achegar o documento acreditativo correspondente en vigor.

Se o título non estivese en vigor, non será motivo de exclusión, pero, no caso de obter praza, aboarase a cantidade de 110 € por menor.

12. Como acredito que somos familia monoparental?

Para que se lles aplique este desconto, as persoas solicitantes deberán indicar no recadro correspondente do formulario de solicitude que son familia monoparental.

En todo caso, deberá achegarse, xunto coa solicitude de praza nos campamentos, o certificado de familia monoparental en vigor expedido pola Xunta de Galicia.

Se o certificado non estivese en vigor, non será motivo de exclusión, pero, no caso de obter praza, aboarase a cantidade de 110 € por menor.

13. Como se comprobán ou corríxense os datos da solicitude e cal é o prazo para facelo?

Unha vez finalizado o prazo de presentación das solicitudes e tramitadas polo Servizo de Xuventude e Reto Demográfico todas as presentadas, publicarase na páxina web e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra a lista provisional de persoas admitidas e excluídas para participar no sorteo.

Así mesmo, a Deputación enviaralles unha mensaxe SMS de cortesía a todas as persoas solicitantes (ao teléfono móbil indicado para estes efectos na solicitude) cun código para que poidan acceder a unha ligazón habilitada e consultar e revisar os datos do seu expediente.

As persoas interesadas disporán dun prazo para emendar os erros da solicitude, achegar a documentación requirida que falte, comunicar defectos que se detecten nos datos mecanizados ou denunciar que unha solicitude non foi publicada. Unha vez transcorrido ese prazo, non procederá ningunha reclamación nin modificación das solicitudes.

Así mesmo, unha vez finalizado o prazo de emenda, publicarase na páxina web e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas para participar no sorteo público e a súa data de realización.


O feito de figurar na lista de persoas admitidas unicamente outorga o dereito a participar no sorteo, non significa que xa se obtivese praza no campamento.

14. Como se adxudican as prazas?

A adxudicación das prazas realizarase por sorteo a través de medios informáticos. Participarán no sorteo as nenas e os nenos que figuren na lista definitiva de persoas admitidas para participar nel.

O sorteo rexeráse por un algoritmo, no que se terá en conta o seguinte:

- Daráselles prioridade ás nenas e nenos que non asistiron ao campamento na última edición.
- Asignaranse en cada quenda 140 prazas, das cales 70 serán para nenas e outras 70 para nenos.
- Co obxectivo de favorecer a conciliación familiar, cando unha nena ou un neno que non participase na última edición consiga praza, as e os irmáns incluídos na mesma solicitude tamén a obterán na mesma quenda aínda que xa asistisen na pasada edición.
- Cota por concello: as prazas asignadas a cada concello serán proporcionais á súa poboación, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística do censo de 2025, de acordo coa repartición que se detalla no apartado final das bases.



PREGUNTAS FRECUENTES

A praza adxudicada será intransferible.

Na páxina web da Deputación publicarase o resultado do sorteo coa lista de menores con praza adxudicada para cada quenda e coa das 100 primeiras persoas da lista de agarda de cada quenda.

15. Como se realiza o pagamento da praza adxudicada?

Despois de levarse a cabo o sorteo de adxudicación de prazas, publicaranse na páxina web da Deputación os documentos de pago, así como a forma, o prazo e os lugares para realizalo.

Os documentos de pagamento serán individualizados para cada menor, tamén no caso de irmás ou irmáns que obtivesen praza.

A persoa responsable da ou do menor (nai, pai, titora ou titor) recibirá unha SMS de cortesía no seu móbil coas claves para acceder e descargar os recibos. Se non reciben as claves, as persoas beneficiarias estarán obrigadas a solicitalas e a efectuar o pagamento dentro do prazo correspondente.

De non efectuar o pago no prazo establecido no documento de pagamento, perderase o dereito á praza obtida e pasará a ocupala unha persoa da lista de agarda.

16. Hai lista de agarda? Como funciona?

Si, haberá unha lista de agarda para cada quenda. Na páxina web unicamente figurarán os 100 primeiros postos de cada lista.

As vacantes que se produzan por non efectuar o pagamento no prazo establecido ou por renunciar á praza obtida no sorteo adxudicaráselles ás e aos menores da lista de agarda, tendo en conta que a baixa dunha nena se cubrirá con outra nena e a baixa dun neno, con outro neno.

En caso de solicitudes múltiples, as irmás e irmáns poderán tratarse de xeito individual nas listas de agarda, sempre que a persoa solicitante (nai, pai, titora ou titor legal) así o indique expresamente no formulario de solicitude.

A medida que se produzan as vacantes, as persoas solicitantes incluídas na lista de agarda recibirán unha mensaxe SMS ao teléfono móbil indicado para estes efectos na solicitude, que incluírá unha clave de acceso para poder descargar o documento de pagamento no que constará o prazo para efectualo.

17. É posible cambiar de quenda unha vez obtida unha praza no campamento?

Non; unha vez obtida unha praza no campamento, non é posible cambiar de quenda.

18. Se finalmente a nena ou o neno non puidese acudir ao campamento, como teño que proceder?

Coa maior brevidade posible, a persoa interesada deberá comunicarlle a renuncia á praza ao Servizo de Xuventude e Reto Demográfico por correo electrónico a xuventudereto@depo.gal.

19. Se despois de aboar o prezo da praza a nena ou neno non puidese acudir, é posible a devolución do diñeiro?

Tan só se devolverá a cota cando a comunicación da renuncia (por correo electrónico a xuventudereto@depo.gal) teña lugar cunha antelación mínima de cinco (5) días hábiles ao comezo da quenda correspondente, salvo que por circunstancias imprevistas e sobrevidas non puidesen comunicalo coa antelación establecida, circunstancia que será valorada polo Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.

Unha vez comunicada a renuncia, a persoa interesada deberá solicitar por escrito esta renuncia á praza e a devolución da cota a través do modelo normalizado de solicitude de devolución da cota de inscrición, dispoñible na Sede electrónica da Deputación.

Só se terá dereito á devolución do importe da cota de inscrición nos seguintes casos:

- a) No caso de que a persoa interesada non puidese asistir á actividade por algún dos seguintes motivos debidamente xustificadas:
 - Enfermidade, accidente ou outros motivos (deberá achegar o correspondente xustificante médico).
 - Motivos familiares, enfermidade ou accidente grave dunha ou dun familiar, falecemento ou outros (deberá achegar a xustificación do motivo).
 - Admisión noutra actividade nas mesmas datas (deberá achegar o xustificante de pagamento da outra actividade).
 - Calquera outra circunstancia non reflectida nos apartados anteriores que supoña un motivo xustificado.
- b) No caso de que non se preste o servizo por causas non imputables á persoa interesada ou de que a Administración anule a actividade.

A solicitude de devolución da cota de inscrición deberase presentar en canto se produza algún destes motivos que xustifican a renuncia, xunto co xustificante correspondente, ou no prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do día no que a Deputación comunique as causas da non prestación do servizo.



PREGUNTAS FRECUENTES

20. Quen será penalizado coa imposibilidade de participar na seguinte edición dos campamentos?

- As e os menores cuxas persoas responsables non comunicasen a súa renuncia á praza como mínimo cinco (5) días hábiles antes de comezar a quenda correspondente, calquera que sexa o procedemento polo que participen, salvo que, por circunstancias imprevistas e sobrevidas, non puidesen comunicalo coa antelación establecida, circunstancia que será valorada polo Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.
- As e os menores que motivaron a activación do protocolo sinalado na base décimo sétima.
- As e os menores que fosen expulsados do campamento.

21. Como podo solicitar a pseudonimización dos datos identificativos da nena ou do neno por motivos de seguridade?

Co obxectivo de garantir a protección integral das e dos menores participantes neste campamento que se atopen baixo unha orde de protección ou afastamento vixente, habilitarase no formulario de inscrición unha opción específica para que as e os representantes legais poidan solicitar a pseudonimización dos seus datos identificativos.

A situación de protección deberá acreditarse mediante unha resolución xudicial que certifique a vixencia da medida.

22. Que documentos hai que presentar no caso de que á nena ou ao neno se lle adxudique unha praza?

Cando se sinale no cuestionario de saúde e autonomía persoal da solicitude de participación nos campamentos que a nena ou o neno ten algunha patoloxía ou algún tipo de discapacidade que precise de apoio específico, deberá remitírselle ao Servizo de Inspección Médica da institución provincial, por correo electrónico a inspeccionmedica@depo.gal, un informe de saúde da ou do especialista que proceda, no que se indiquen a patoloxía, o tratamento farmacolóxico ou a terapia que precisa, e no que se faga constar que a súa condición médica lle permite asistir ao campamento.

23. Podo solicitar que a nena ou o neno comparta tenda con alguén que coñeza?

Non.

24. Que teño que facer se mudaron os datos médicos da nena ou do neno?

No caso de que se detecten ou diagnostiquen enfermidades, alerxias ou intolerancias alimentarias entre a

data de presentación das solicitudes e a data de inicio do campamento, deberá poñerse en contacto co Servizo de Inspección Médica a través do correo electrónico inspeccionmedica@depo.gal. Posteriormente, o persoal sanitario solicitará o correspondente informe de saúde.

25. Que hai que levar ao campamento?

Todas as persoas beneficiarias do programa deberán levar o primeiro día do campamento a tarxeta sanitaria orixinal ou o documento equivalente do seguro médico privado.

Así mesmo, na páxina web hai un documento no que se indica o equipamento mínimo que se lle aconsella levar a cada nena ou neno participante.

As nenas e nenos poderán levar un teléfono móbil, que será recollido polo equipo de monitoras e monitores o primeiro día e que unicamente poderá utilizarse o día habilitado para as chamadas das nais, pais e persoas titoras.

26. Como se realizará a entrada ao campamento? E a saída?

O horario de entrada, en principio, será das 16 ás 18 horas do día de inicio de cada quenda (domingo), se ben o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico poderá establecer un horario de entrada gradual para evitar aglomeracións ou outro tipo de incidencias na recepción das e dos menores, así como calquera outro sistema que permita axilizar a entrada. Tales medidas, en caso de adoptarse, publicaranse na páxina web da Deputación a semana previa ao comezo de cada quenda.

Non se admitirá a entrada das e dos menores participantes fóra destas franxas horarias, a excepción de que exista unha razón debidamente xustificada, acreditada previamente e valorada polo Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.


No momento da entrada, o equipo de monitoras e monitores entregaranlles unha carta ás familias, na que se indicarán o teléfono de contacto da Dirección do campamento ou o blog onde seguir as vivencias do campamento, entre outra información.

Por outra banda, a saída do campamento producirase ás 10 horas do sábado e, da mesma forma que para a entrada, poderase establecer un horario de saída gradual.

O abandono da actividade antes da súa finalización requirirá a comparecencia da nai, pai, titora ou titor, e será responsabilidade destas persoas o traslado de regreso ao seu domicilio e os gastos que este ocasione.

27. Podo falar coa nena ou co neno durante a súa estadía no campamento? Ten que levar teléfono móbil?

Establecerase un día concreto, en horario de tarde, no que recibirán unha chamada da nena ou neno ou ben



PREGUNTAS FRECUENTES

unha chamada perdida desde un móbil ao que deben devolver a chamada. Na carta entregada ás familias o día da entrada ao campamento indicárase o horario de chamadas.

Non será preciso que as nenas e nenos leven un teléfono móbil, xa que a Dirección do campamento conta cos dispositivos necesarios para realizar e recibir as chamadas, que se porán á disposición de quen os precise.



Deputación
Pontevedra

